


Centro Público Integrado
CASTRO BAXOI



MIÑO

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAP. III - DOCUMENTO 8

OUTROS PROGRAMAS ESPECÍFICOS NOS QUE

PARTICIPA O CENTRO

CURSO 2023-24

ÍNDICE

1. Plan proxecta	3
2. Plan de mellora de bibliotecas escolares	11
3. Programa E-Dixgal	12
4. Plan director para a convivencia e a mellora na seguridade nos centros educativos e os seus contornos.	12
5. Obradoiros a través das titorías	13
6. Programa Seccións Bilingües	13
7. Club de Lectura	13
8. Club de Ciencia	13
9. Programa froita e leite escolar	14
10. Programa Acompaña	14

1. PLAN PROXECTA

Este Centro solicitou a participación no **Plan Proxecta** que propón a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en colaboración con distintos organismos da administración autonómica. Este plan está dirixido a fomentar a innovación educativa nos centros públicos a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as competencias básicas e a educación en valores.

Este curso imos participar en catro liñas:

❖ **PROXECTOS DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA. - PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO.**

- **TÍTULO:** Miño activo
- **OBXECTIVOS**
 - Sensibilizar á comunidade educativa da importancia de adquirir hábitos saudables relacionados coa actividade física.
 - Adquirir por parte dos alumnos coñecementos para unha práctica saudable deportiva.
 - Ofrecer unha oferta atractiva e variada aos alumnos.
 - Ofrecer ao alumnado a posibilidade de realizar actividade física a un custo alcanzable e preto da súa vivenda habitual.
 - Mellora da integración dos novos alumnos no centro.
 - Adquisición de hábitos e valores que desenvolvan condutas de respecto e tolerancia así como a asunción de normas a través do deporte.
 - Sensibilizar ao alumnado coas persoas con algún tipo de discapacidade.
 - Práctica de actividade física en situación de restricións sensoriais e motoras.
- **ORGANIZACIÓN**

O coordinador do proxecto será Manuel Losada González, profesor de educación física con praza definitiva, que imparte clase nos grupos de 1º, 2º e 5º de primaria e de 4º e 5º de educación infantil. César Viñas Piñeiro o outro integrante do departamento de educación física de educación primaria desenvolveu conxuntamente o proxecto. Tamén ten praza definitiva no

centro e imparte clase nos grupos de 3º, 4º e 6º de primaria e de 6º de educación infantil. En educación secundaria, a participante será Mónica Mato Seijas.

O traballo levará a cabo de maneira coordinada entre os dous mestres a través de reunións presenciais de forma semanal e comunicación continua a través de correo ou vía telefónica.

As actividades que levarán a cabo durante o curso lectivo serán as seguintes:

1. DESDE O CENTRO:

A). En horario lectivo:

- Educación física: aumentar o tempo de práctica motriz en clase de educación física (metodoloxía, selección de tarefas...).
- DAFIS: levará a cabo o protocolo DAFIS a todo o alumnado de primaria durante o primeiro trimestre.
- Recreos activos: buscarase desenvolver unha formulación para dinamizar os recreos, co obxectivo de aumentar o tempo de actividade física, establecer hábitos saudables e mellorar a súa condición física mediante a cesión de material de E. F. e práctica de xogos populares.
- Servizo madrugadores: promoción de hábitos alimenticios saudables. Conferencias/Charlas: hábitos alimenticios saudables e outra charla sobre a hixiene postural , clubs deportivos...
- Hábitos alimenticios saudables: Realización dun calendario de merendas co fin de que sexan sas, equilibradas. Exposición no taboleiro de anuncios da entrada dunha serie de infografías relacionadas coa alimentación equilibrada e concienciación sobre o abuso no consumo de azucres libres e produtos ultra procesados.
- Proxecto de sensibilización, a través da educación física, de forma teórica e práctica coas persoas con algún tipo de discapacidade.

B). Fóra do horario lectivo:

Programas de promoción de vida activa: Camiña/ en bicicleta á escola. Desde a área de educación física instarase os alumnos a vir ao colexio camiñando ou en bicicleta.

Programas de actividades de sensibilización das familias: charlas sobre alimentación saudable.

2. FÓRA DO CENTRO:

- Asistencia a parques recreativos de actividades no tempo libre.
- CaMiño activo: compromiso co alumnado de aumento do exercicio físico no seu tempo libre.

• AVALIACIÓN

En relación aos momentos de avaliación distinguiremos 3 momentos principalmente:

1. Avaliación inicial

Avaliaremos o estado de todos os elementos da comunidade educativa, especialmente o do alumnado, e do centro en si en relación aos obxectivos que buscamos conseguir.

2. Avaliación continua

Ao longo do curso irase valorando se as actividades, charlas e propostas iniciais vanse cumprindo e se necesitan modificarse

3. Avaliación final

Realizase co obxectivo de valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos. Métodos ou instrumentos de avaliación: Realización, en todos os niveis de educación primaria, das probas que compoñen o protocolo DAFIS ao comezo do curso para avaliar a súa condición física. Por outra banda, realizaranse entrevistas individuais e grupais ao alumnado para saber se aumentaron a cantidade de tempo que realizando actividade física sendo a valoración moi positiva.

❖ APUNTÁMONOS A NON BEBER.

- TÍTULO: Non te consumas.

- **OBXECTIVOS**

- Analizar os coñecementos sobre o uso que os mozos de hoxe en día fan das bebidas enerxéticas.
- Levar a cabo un programa de educación para a saúde en adolescentes que consiga proporcionar información clara e concreta referente ás bebidas enerxéticas e alcohólicas, así como, á súa mistura.
- Saber ler e interpretar a información das etiquetas que aparecen nos botes das bebidas enerxéticas.
- Reflexionar sobre a influencia da publicidade no ámbito das bebidas enerxéticas e alcohólicas.

- **ORGANIZACIÓN**

O traballo realizarase principalmente na hora de titoría e, se fose necesario, nalgunha sesión lectiva doutra materia debido ao cariz interdisciplinar do proxecto e a implicación de profesorado non titor.

Realización das actividades propostas:

- Cuestionarios inicial e final sobre consumo de bebidas enerxéticas e alcohólicas.
- Distintas actividades, en grupo, onde se traten “noticias falsas” sobre consumo de bebidas. Presentacións sobre os distintos grupos de alimentos (carbohidratos, proteínas, ...).
- Presentacións para responder ás preguntas ¿Qué sabemos das bebidas enerxéticas? ¿Son peligrosas para a saúde? ¿Cál é a súa composición? Concurso de cata.
- Visitas, ao centro, de xente experta que poda axudar para concienciar ao alumnado sobre a parte negativa do consumo regular deste tipo de bebidas.

No tocante á metodoloxía, decantarémonos, principalmente, pola aprendizaxe baseada en problemas, facendo deste xeito fincapé no desenvolvemento do pensamento crítico e

competencias creativas, na mellora das habilidades na resolución de problemas e nunha mellor capacidade para transferir coñecementos.

- **AVALIACIÓN**

A avaliación será continua. Realizaranse as adaptacións necesarias en cada momento, de acordo coas circunstancias reais do proxecto e as novas ideas xurdidas.

Levarase tamén a cabo unha avaliación final do proxecto para valorar o grao de consecución dos obxectivos, e unha proposta de melloras de cara ao vindeiro curso.

Nela empregaranse os seguintes instrumentos:

- Avaliación por parte do alumnado mediante un debate final.
- Autoavaliación do profesorado implicado no proxecto.
- Incidencia que o proxecto teña no centro.

- ❖ **LINGUA, PATRIMONIO E COÑECEMENTO TRADICIONAL.**

- **TÍTULO: Muíños e maquiás das terras de Miño. Léxico e historia.**

- **OBXECTIVOS**

Os obxectivos que pretendemos acadar mediante este proxecto son os seguintes:

- Concienciar o estudiantado da importancia do patrimonio e da súa conservación.
- Recoller o vocabulario relacionado cos muíños propio das terras de Miño.
- Elaborar un vocabulario do mundo dos muíños a partir do traballo de campo.
- Recoller e transmitir o patrimonio inmaterial relacionado con este tema a través das distintas xeracións.

- **ORGANIZACIÓN**

Este é un proxecto interdisciplinar no que participan os seguintes departamentos: Lingua Galega e Literatura (realización de entrevistas a persoas da contorna, recompilación de termos, elaboración do vocabulario), Historia (uso tradicional dos muíños como medio de vida e ferramenta de traballo), Matemáticas (medidas das pezas do muíño) e Música (recompilación de música tradicional).

Para a realización deste proxecto teranse en conta os seguintes pasos:

- Recollida de información a través de fichas e entrevistas a familiares e xente da contorna.
- Baleirado da información e posta en común para o seu posterior procesamento.
- Elaboración dun vocabulario.

Levarase a cabo unha metodoloxía dinámica, activa e participativa na que o alumnado, axudado polas familias e a xente da contorna, é o motor da súa propia aprendizaxe.

- **AVALIACIÓN**

A avaliación abordarase desde tres puntos de vista: autoavaliación, heteroavaliación e coavaliación. Proporcionarase un cuestionario ao final do proxecto ao alumnado e profesorado participante co fin de obter datos sobre o grao de satisfacción, grao de logro e propostas ou suxestións para futuras edicións do proxecto.

As actividades desenvolvidas ao longo do proxecto serán avaliadas de xeito colexiado, dado que partimos sempre desde un enfoque interdisciplinar.

- ❖ **EDUCACIÓN PATRIMONIAL.**

- **TÍTULO: MIÑO AND BEYOND**

- **OBXECTIVOS**

DE CARÁCTER LINGÜÍSTICO:

- Favorecer o uso da lingua inglesa e da lingua galega en contextos significativos.galega e motivar ao alumnado no seu uso.
- Potenciar a ensinanza- aprendizaxe da lingua estranxeira e galega.
- Desenvolver un proxecto conxunto co centro educativo de intercambio facendo fincapé nos ámbitos patrimoniais dos países participantes.
- Motivar ao alumnado na aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Potencia a comunicación entre o alumnado de ambos países.

OBXECTIVOS CULTURAIS:

- Difundir e dar a coñecer o noso patrimonio material, inmaterial e natural.
- Investigar para afondar no coñecemento da nosa cultura e así poder difundila.
- Por en valor o noso patrimonio en todos os seus ámbitos (gastronómico, artístico, cultural...)
- Coñecer e respectar os xeitos de vivir doutros países.
- Promover aprendizaxes interculturais na escola.
- Fomentar a convivencia entre os distintos grupos de alumnado que forman parte do proxecto aceptando, recoñecendo e respectando as nosas diferencias culturais.

OBXECTIVOS TECNOLÓXICOS:

- Potenciar no noso alumnado o uso das novas tecnoloxías.
- Utilización de distintas ferramentas para desenvolver o noso traballo: (aiña virtual, blogues, instagram, padlets,...)

- **ORGANIZACIÓN**

ALUMNADO:

Participará no proxecto o alumnado de de 4º de Educación Primaria nos cursos A e B. En total serán 45 alumnos e alumnas entre os 9 e 10 anos.

AGRUPAMENTO

Utilizaranse distintos tipos de agrupamento para o desenvolvemento das actividades, dependendo da natureza da mesma. Algunhas delas desenvólvense na aula de xeito individual, parellas, grupo ou gran grupo. Pero, tamén haberá actividades que realizarán na súas casas, como a recollida de información, que levarán a cabo coa axuda das súas familias.

ACTIVIDADES

As actividades a levar a cabo neste proxecto serán as seguintes:

- Presentación dos nenos e nenas en inglés para comezar o proxecto.
- Investigación para recoller os xogos cantados da contorna e poder escoller un para compartir co alumnado do centro de intercambio.
- Creación dun Etwinning Corner no corredor do centro para dar a coñecer e compartir as novidades do noso proxecto coa comunidade educativa.
- Elaboración co alumnado de Pan do País despois de recoller receitas dos avós e avoas da contorna cando facían o pan na casa.
- Intercambio de sementes de Cebola Chata de Miño coa fin de dar a coñecer e compartir un dos produtos máis representativos de Miño. Plantación das sementes polo S. Cosme (Setembro) e plantación do cebolo polo Entroido.
- Intercambio de chapas con motivos celtas alusivos á nosa cultura deseñada polos nenos e nenas dos proxectos.
- Agasallos dun cómic sobre a lenda de Roxín Roxal, para os nosos socios.
- Obra de teatro sobre a Lenda de Ponte do Porco “Roxin Roxal” que se representará ante as familias e posteriormente para o centro educativo.
- Decoración de bolsas/camisetas para a difusión do proxecto con motivos realización polo alumando.

- Realización dun Roteiro pola contorna para coñecer os espazos natural de Miño, praia e marismas.
- Exposición de fotos de Miño no tempo, no que o alumando colaborará con fotos antigas e modernas de Miño.

MATERIAIS

O uso dos materiais serán moi variado desde material funxible de aula ata computadores para a realización dos blogues ou a participación nos padlets, creación de vídeos...

TEMPORALIZACIÓN

A temporalización do proxecto será ao longo dos tres trimestre do curso educativo facendo revisións periódicas da investigación que está a levar a cabo o alumnado.

ESPAZOS

Para a realización do proxecto utilizaremos diferentes tipos de espazos dentro e fóra da escola. Atendendo á actividade a realizar en cada momento. O feito de realizar actividades na contorna é sempre un elemento motivador para os nosos alumnos e alumnas.

INNOVACIÓN EDUCATIVA

A gamificación, as flipped classroom serán, entre outras, parte das innovación educativas que se utilizarán nas distintas actividades a desenvolver.

▪ AVALIACIÓN

Levarase a cabo unha autoavaliación formativa e continua do proxecto, atendendo á consecución dos obxectivos propostos, facendo os cambios necesarios, se así fose preciso, en función dos resultados de cada momento.

Este programa formará parte dun proxecto eTwinning cun centro educativo de Portugal.

2. PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

As liñas prioritarias de actuación para o curso 2023-2024 estarán marcadas pola continuidade, xa que se levan varios cursos traballando arreo para que a biblioteca sexa unha referencia para toda

a comunidade escolar, non só como espazo de traballo senón tamén de encontro e intercambio. Hoxe toda a comunidade escolar está implicada na realización das actividades propostas arredor da lecto-escritura, a busca de información, a utilización das TICs e as diferentes celebracións; hai unha dinámica de traballo asumida na que a biblioteca é motor de arranque, pero tamén motor auxiliar, xa que a colaboración entre os distintos grupos de traballo (Actividades Extraescolares, Dinamización da Lingua Galega, TICs e Biblioteca), os ciclos e departamentos é continua.

A biblioteca está integrada dun xeito ou doutro nas actividades diarias de Infantil, Primaria e Secundaria, polo que se seguirá traballando para mellorar a oferta de recursos e servizos. A xestión e a dinamización serán os eixos arredor dos cales xirarán as actividades.

Realizará o traballo de coordinación da Biblioteca a profesora Marta Ramil Ferreiro.

Ademais, vinculado á Biblioteca, desenvólvense outros programas:

- Por séptimo ano desenvolveremos o proxecto de **VOLUNTARIADO DE LECTURA**, dentro do programa de **Bibliotecas Solidarias** en colaboración co EDLG.
- Continuamos co programa **Bibliotecas Escolares Inclusivas**.

3. PROGRAMA E-DIXGAL

Continuamos no programa E-DIXGAL que aplicaremos nos cursos de 5º e 6º de Primaria, en todas as materias, e nos cursos da ESO, nas materias de Lingua Castelá, Inglés, Matemáticas, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Valores éticos, Educación Física e Francés. O programa está coordinado pola profesora Pilar Montero Ibáñez.

4. PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E OS SEUS CONTORNOS

Un curso máis participaremos neste programa desenvolto pola Garda Civil como complemento aos obradoiros que se desenvolverán nas titorías. As temáticas adaptaranse ás necesidades dos grupos en cada momento.

5. OBRADOIROS A TRAVÉS DAS TITORÍAS

Ademais, a través das titorías, trataremos de desenvolver os obradoiros que xa aparecen dentro do Plan Xeral de Actividades Complementarias e Extraescolares.

6. PROGRAMA SECCIÓNS BILINGÜES

Un ano máis continuamos co programa de seccións bilingües en 3º, 4º, 5º e 6º na materia de Educación Plástica. Como novidade, comezamos as seccións bilingües nas materias de Bioloxía e Xeoloxía e Educación Física en 3º de ESO. Contaremos cunha auxiliar de conversa durante os xoves e venres de outubro a maio pois é compartida co CPI Cruz do Sar de Bergondo.

7. CLUB DE LECTURA

Durante este curso imos retomar o Club de lectura “Salicornia”, coordinado polo profesor José Casanova Santamariña e levarase a cabo con alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.

8. CLUB DE CIENCIA

Para o curso 2023-24, propónse a creación do Club de Ciencias no CPI Castro Baxoi. A temática proposta para este primeiro ano do clube será “Medio Ambiente e Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Do local ao global”, temática transversal que permite un enfoque desde todas as etapas, así coma o deseño e desenvolvemento de actividades versátiles, desde as máis sinxelas enfocadas para as primeiras etapas educativas, ata as demostracións científicas e as explicacións máis profundas na Educación Secundaria.

As actividades organizadas polo Club de Ciencias desenvolveranse, dependendo da súa natureza, en diferentes períodos e lugares:

- Actividades de laboratorio: maioritariamente nos períodos de lecer do alumnado, xa durante os recreos, xa no período de tempo libre a mediodía do que dispoñen as alumnas e alumnos cando rematan de xantar ata o inicio das clases pola tarde.
- Día da Ciencia na Rúa: o primeiro sábado de maio, de 11h a 19 h o CPI Castro Baxoi participará cun stand no Día da Ciencia na Rúa, expoñendo os seus proxectos ao público xeral.

- Outras actividades: certas actividades, como charlas, obradoiros, etc., poderán ter lugar, con carácter excepcional, polas tardes, cando non haxa actividade lectiva que o obstaculice.

9. PROGRAMA DE FROITA E LEITE ESCOLAR

Durante este curso temos solicitada a participación neste programa para comezar o día 10 de novembro, coincidindo coa celebración do Magosto, pero teremos que llo pospoñer pois aínda non se publicaron as listas provisionais.

10. PROGRAMA ACOMPAÑA

Durante este curso solicitamos este programa polo que nos foi concedida unha docente adicional da especialidade de Pedagogía Terapéutica ata o vindeiro 31 de maio.

Este programa está dirixido ao alumnado de Educación Infantil e dos dous primeiros ciclos de Educación Primaria.